



Do 17 ao 31 de marzo de 2024

Semana Santa Tui



Hermandad del Dulcísimo Nombre de Jesús y de la Santa Casa de Misericordia



Asociación "Cristo da Agonia" - Antigos Voluntarios de Protección Civil de Tui o Asociación "Amigos da Catedral de Tui"

Ruta de visita aos "Monumentos" de Xoves Santo

- 01 S.I. Catedral de Tui
- 02 Capela da Misericordia
- 03 Igrexa de San Telmo
- 04 Igrexa das Clarisas
- 05 Igrexa de San Bartolomeu
- 06 Igrexa de San Domingos
- 07 Capela da Residencia San Telmo





Domingo 17 de marzo

18:00 horas. Pregón da Semana Santa na Capela das Reliquias da S. I. Catedral

A cargo de D. José María Lores Pérez, profesor xubilado do IES "San Paio" de Tui.

Pequeno concerto a cargo do Conservatorio Municipal de Música de Tui.

Organiza: Asociación de Amigos da Catedral de Tui.

Colabora: Cabido Catedral de Tui e Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia.





Domingo de Ramos

**11:00 h. Bendición de ramos
na Praza de San Fernando**

A continuación procesión e Santa Misa
na S. I. Catedral.



**Mércores
Santo**

27 de marzo

**12:00 horas. Misa Crismal na
S. I. Catedral**

Presidida polo Bispo da diocese e concelebrada polo presbiterio diocesano.

Bendición dos óleos que se empregan na administración dos sacramentos nas parroquias durante o ano e renovación polos presbíteros das súas promesas sacerdotais.



28 de marzo

**Xoves
Santo**

**19:30 h. Misa Vespertina da cea do Señor
na S. I. Catedral**

19:00 a 23:00 h. Visita aos Monumentos

Tradicional percorrido polos seguintes lugares: S. I. Catedral, Igrexas das Monxas Clarisas, Igrexa de San Telmo, Capela da Residencia San Telmo, Igrexa de San Domingos e igrexa de San Bartolomeu. Na Capela da Misericordia visitase a representación do Horto das Oliveiras.

23:00 h. Hora Santa na S. I. Catedral



Igrexa de San Telmo



S. I. Catedral

Monumentos de Xoves Santo



Horto das Oliveiras



Capela da Misericórdia



Convento Clarisas

Monumentos de Xoves Santo



S. I. Catedral



San Bartolomeu



Venres
Santo

29 de marzo

11:00 h. Sermón do Encontro e procesión dos Pasos

Saída dos pasos dende a Capela da Misericordia até a Praza de San Fernando onde terá lugar o Sermón do Encontro.

Orador: Rvdo.: D. Santiago Freire Comesaña, cóengo e párroco de Tui.
A continuación procesión polas rúas da cidade.

Organiza: Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia.

Colabora: Asociación "Cristo da Agonía" - Antigos Voluntarios de Protección Civil de Tui.

18.00 h. Celebración da Paixón do Señor na S. I. Catedral

20:00 h. Sermón do Desencravo e procesión do Santo Enterro

Na igrexa de San Domingos Sermón do Desencravo.

Orador: Rvdo.: D. Santiago Freire Comesaña, cóengo e párroco de Tui.

A continuación Procesión do Santo Enterro, que organiza tradicionalmente o Concello de Tui coa colaboración da Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia, polas rúas da cidade ata a igrexa parroquial de San Francisco.



Venres
Santo

29 de marzo





Venres
Santo

29 de marzo





Sábado Santo

30 de marzo

08:00 h. Procesión de Nosa Señora da Soidade

Saída dende a Igrexa de San Francisco ata a S. I. Catedral.
A continuación sermón a cargo de: Rvdo.: D. Santiago Freire
Comesaña, cóengo e párroco de Tui.

**20:00 h. Solemne Vixilia Pascual na igrexa parroquial
de San Francisco**



31 de marzo

Domingo de Pascua de Resurrección



**12:00 h. Misa
Pascual na
S. I. Catedral**

Presidida polo
Bispo da diocese.





Horto das Oliveiras

Xunto as escenificacións que caracterizan á Semana Santa tudense (Procesión do Encontro e o Desencravo) temos de engadir algo tan excepcional como o Horto das Oliveiras, que xa se realizaba en 1818 na Capela da Misericordia e que expresa a riqueza desta tradición cultural na nosa cidade. Tradición conservada e promovida pola Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia, presente en Tui dende 1542, data que se fundou esta última institución, seguindo o modelo do reino portugués. No seno da Santa Casa creouse en 1677 a Irmandade do Doce Nome de Xesús.

Este Horto das Oliveiras é unha escenografía única en Galicia, pois en moitos outros lugares perdeuse esta tradición que tantas veces pasa desapercibida para moitos dos nosos propios veciños.

O historiador tudense Suso Vila no seu libro sobre esta Irmandade recolle



diversas noticias de interese sobre este Horto das Oliveiras. A 1818 corresponde a data máis anterga que coñecemos sobre o “Horto da Oliveiras” pois daquela o artista Juan Rial pinta uns chanzos para esta escena. Xa en 1902 nos estatutos aprobados nesa data se sinala que compételle ao fiscal eclesiástico ser “camarero en el Huerto de las Olivas el Jueves Santo por la noche y el Viernes Santo hasta nueve días”.

Na actualidade seguimos contando con esta peza para-teatral do Horto das Oliveiras, realizada seguindo o modelo tradicional decorado co fondo ou telón pintado, segundo algunha testemuña oral, polo artista tudense Eduardo Padín nas primeiras décadas do pasado século e que expresa o bo quefacer do lembrado artista tudense.





CATEDRAL
DE TUI



Hermandad del
Dulcísimo Nombre
de Jesús y de la Santa
Casa de Misericordia



Asociación "Cristo da
Agonia" - Antigos Voluntarios
de Protección Civil de Tui
e Asociación "Amigos da
Catedral de Tui"

Do 17 ao 31 de marzo de 2024



Semana Santa Tui